



**SECRETARÍA XERAL**  
**Xestión de Sesións Plenarias**  
**2025/G010/000010**

**D. JOSÉ MARÍA VÁZQUEZ PITA, SECRETARIO XERAL, DO CONCELLO DE ARTEIXO (A CORUÑA)**

**C E R T I F I C A:**

Que polo Pleno da Corporación, en sesión ordinaria celebrada o xoves 25 de setembro de 2025, adoptouse, entre outros, o seguinte **ACORDO**:

**"2. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA Nº37: PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO NAS INSTALACIÓNS ACUÁTICAS MUNICIPAIS.-** Dase conta ao Pleno da Corporación de que a Comisión Informativa de Asuntos Económicos, en sesión ordinaria celebrada o luns 22 de setembro de 2025, emitiu o seguinte **DITAME**:

**"2. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA Nº37: PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO NAS INSTALACIÓNS ACUÁTICAS MUNICIPAIS.-**

**"PROCEDIMENTO.-** Modificación de ordenanzas y reglamentos

**Expediente.-** 2025/G014/000003

**PROPOSTA DA CONCELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA NÚMERO 37: "PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO NAS INSTALACIÓNS ACUÁTICAS MUNICIPAIS.".-**

Actualmente está en vigor a ordenanza nº 37 reguladora do prezo público pola prestación de servizos nas instalacións acuáticas municipais, publicada no BOP Nº 248 de 26.12.24.

Na Providencia de inicio, CVD fHFIMUtrwqW8DFcGc9+5, exponse que, en relación ao escrito de Aquafit Gestión, S.L., rexistro de entrada 202599900007544, de data 13-08-2025, onde solicita actualización anual das tarifas, de acordo coa variación experimentada polo IPC estatal no período abril de 2024 a abril de 2025, e en cumprimento da normativa vixente, Lei 2/2015 de Desindexación e R.D. que a desenvolve R.D.55/2017, resulta que procede incoar expediente de revisión de tarifas.

Consta no expediente informe técnico, de data 05-09-25, que emite Marcos Docampo Fraga, Coordinador Técnico de Deportes, CVD 9kGDJOjnW+ZT4/Gns0/s, onde propónse a actualización das tarifas correspondentes aos servizos nas instalacións acuáticas municipais, recollidas no artigo 3 da referida ordenanza, aplicando un incremento do 2,2% respecto das cotas referidas na ordenanza fiscal número 37.

Visto o informe-proposta da Técnica de Rendas de data 08/09/25, con CVD 5Yj4wNJTB0NXfz4MyOFZ, do proxecto de modificación que se propón.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica <https://sede.artexio.org/> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)



Visto asimismo o informe favorable de Tesorería e Secretaría, asinado por Dña. Lucía León Álvarez e D. José María Vázquez Pita, en data 28/09/2025, con CVD vZBAMFC1mRi/nILvn3P/.

Así, á vista do expediente tramitado, cómpre modificar a ordenanza nº 37 reguladora do prezo público pola prestación do servizo nas instalacións acuáticas municipais.

En visto do cal, procede que a Comisión Informativa de Asuntos económicos ditamine a seguinte proposta de acordo:

**PRIMEIRO.-** Aprobar provisionalmente a modificación da ordenanza nº 37 reguladora do prezo público pola prestación do servizo nas instalacións acuáticas municipais, nos termos do proxecto que se detalla:

### **ORDENANZA Nº 37 (TEXTO ÍNTEGRO)**

#### **“ORDENANZA Nº 37 : PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO NAS INSTALACIÓNS ACUÁTICAS MUNICIPAIS.**

##### **ARTIGO 1.-Concepto**

De conformidade co previsto nos artigos 41 e 127 do R.D. lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e en exercicio da potestade regulamentaria recoñecida ao Concello de Arteixo, na súa calidade de Administración Pública Territorial, polos artigos 4, 49, 70.2 e concordantes da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, establécese o prezo público pola prestación do servizo nas instalacións acuáticas municipais.

##### **ARTIGO 2.-Obrigados ao pagamento**

Están obrigados ao pagamento do prezo público regulado nesta ordenanza, as persoas físicas ou xurídicas que soliciten a prestación dos servizos ou actividades descritos na presente ordenanza ou que procedan á utilización das instalacións ou bens reflectidos no artigo seguinte.

##### **ARTIGO 3. Contía**

1. A contía do prezo público regulado nesta ordenanza será fixada nas tarifas contidas no apartado seguinte, para cada un dos distintos servizos ou actividades.
2. As tarifas deste prezo público serán as que figuran nos seguintes epígrafes:



**COMPLEXO DEPORTIVO MUNICIPAL DE ARTEIXO E COMPLEXO DEPORTIVO MUNICIPAL DE PASTORIZA-MEICENDE**

\* Os importes dos prezos públicos verán incrementada a base imponible no IVE vixente en cada momento.

| <b>1. ABONADOS</b>                      | <b>BASE IMPONIBLE</b> |
|-----------------------------------------|-----------------------|
| 1.1. Matrícula                          | 27,53 €               |
| 1.2. Abonado Individual                 | 27,53 €               |
| 1.3. Abonado familiar 2 membros         | 27,53 €               |
| 1.4. Abonado familiar 3 membros         | 32,11 €               |
| 1.5. Abonado familiar 4 membros ou máis | 36,69 €               |
| 1.6. Abonado 3ª idade                   | 18,37 €               |
| 1.7. Abonado xoven                      | 21,68 €               |
| 1.8. Abonado social                     | 12,70 €               |
| 1.9. Abonado matinal                    | 18,37 €               |

| <b>2. ENTRADAS PUNTUAIS NON ABONADOS</b> | <b>BASE IMPONIBLE</b> |
|------------------------------------------|-----------------------|
| 2.1. Entrada adulto/a                    | 5,29 €                |
| 2.2. Entrada neno/a                      | 2,12 €                |

| <b>3. ACTIVIDADES ACUÁTICAS (€/MES POR UNHA SESIÓN SEMANAL)</b> | <b>BASE IMPONIBLE</b> |                     |
|-----------------------------------------------------------------|-----------------------|---------------------|
|                                                                 | <b>ABONADOS</b>       | <b>NON ABONADOS</b> |
| 3.1. Nenos/as                                                   | 6,36 €                | 12,70 €             |
| 3.2. Persoas adultas                                            | 7,42 €                | 14,81 €             |
| 3.3. Bebés                                                      | 12,70 €               | 25,39 €             |
| 3.4. Terapéutica e 3ª idade                                     | 4,24 €                | 8,46 €              |
| 3.5. Grupos                                                     | 3,18 €                | 6,36 €              |

As cuotas indicadas son mensuais e corresponden a unha frecuencia dunha sesión semanal. As actividades de frecuencia superior terán o custe proporcional ao número de sesións semanais de impartición da actividade.

| <b>4. ALUGUER PISTAS EXTERIORES (1 HORA)</b> | <b>BASE IMPONIBLE</b>     |                     |
|----------------------------------------------|---------------------------|---------------------|
|                                              | <b>SOCIOS OU ABONADOS</b> | <b>NON ABONADOS</b> |
| 4.1. Con luz                                 | 11,63 €                   | *                   |
| 4.2. Sen luz                                 | 8,46 €                    | *                   |



| 5. CURSOS DE PÁDEL (€/MES)               | BASE IMPONIBLE     |              |
|------------------------------------------|--------------------|--------------|
|                                          | SOCIOS OU ABONADOS | NON ABONADOS |
| 5.1. Grupos de 1 neno/a                  | 42,32 €            | *            |
| 5.2. Grupos de 2 nenos/as                | 31,73 €            | *            |
| 5.3. Grupos de 3 nenos/as                | 26,45 €            | *            |
| 5.4. Grupos de 4 ou máis nenos/as        | 15,88 €            | *            |
| 5.5. Grupos de 1 persoa adulta           | 63,49€             | *            |
| 5.6. Grupos de 2 persoas adultas         | 47,63 €            | *            |
| 5.7. Grupos de 3 persoas adultas         | 39,68 €            | *            |
| 5.8. Grupos de 4 ou máis persoas adultas | 23,81 €            | *            |

\*As tarifas propostas corresponden a usuarios abonados. Aquelas persoas que non ostenten a condición de abonados e queiran alugar ou participar en cursos de pádel, deben efectuar previamente o pago da entrada ás instalacións cada vez que se acceda para recibir a clase.

| 6. OUTRAS ACTIVIDADES                                                                                         | BASE IMPONIBLE |              |
|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------|--------------|
|                                                                                                               | ABONADOS       | NON ABONADOS |
| 6.1. Adestramentos individualizados ( <i>prezo monitor / hora</i> )                                           | 23,28 €        | 28,58 €      |
| 6.2. Aqueróbic e outras actividades de fitness de grupos reducidos e/ou personalizados ( <i>prezo / mes</i> ) | 12,70 €        | 25,39 €      |
| 6.3. Campamentos ( <i>prezo/día de actividade</i> )                                                           | 4,24 €         | 6,35 €       |
| 6.4. Aluguer de estaxes ( <i>prezo/45 minutos</i> )                                                           | 14,81 €        | 14,81 €      |

| 7. SOCIOS                                                             | BASE IMPONIBLE |
|-----------------------------------------------------------------------|----------------|
| 7.1. Matrícula                                                        | 26,45 €        |
| 7.2. Socio individual                                                 | 33,86 €        |
| 7.3. Socio familiar (todos os fillos ata 17 anos incluídos)           | 42,32 €        |
| 7.4. Suplemento socio familiar por fillo entre 18 e 24 anos incluídos | 8,46 €         |
| 7.5. Suplemento socio familiar por avó / avoa                         | 10,58 €        |

| 8. OUTRAS TARIFAS                                             | BASE IMPONIBLE |
|---------------------------------------------------------------|----------------|
| 8.1. Excedencia matrícula para socios                         | 15,88 €        |
| 8.2. Devolución de recibo bancario                            | 2,12 €         |
| 8.3. Reposición de carnet de acceso                           | 3,18 €         |
| 8.4. Sesión de fisioterapia 50 minutos                        | 29,64 €        |
| 8.5. Sesión de fisioterapia 25 minutos                        | 15,88 €        |
| 8.6. Adestramento de triatlón por sesión á semana para socios | 10,58 €        |

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica <https://sede.arteixo.org/> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)



|                                                                                     |         |
|-------------------------------------------------------------------------------------|---------|
| (pago mensual)                                                                      |         |
| 8.7. Adestramento de triatlón por sesión á semana para non socios<br>(pago mensual) | 15,88 € |

#### **ARTIGO 4. Período impositivo e devengo.**

O período impositivo coincidirá, nos abonados ás instalacións acuáticas municipais, co mes natural, devengándose o primeiro día do período impositivo, sendo as cotas irreducibles por dito período.

As tarifas que deban satisfacer os non abonados ás instalacións acuáticas municipais devengaránse instantaneamente no momento de acceder ás instalacións ou de formular a solicitude, se de actividades se tratara.

O período impositivo, nos cursos impartidos nas instalacións acuáticas municipais, e naqueloutros impartidos pola entidade xestora das instalacións acuáticas municipais, coincidirá co período de desenvolvemento do curso, devengándose o primeiro día do período impositivo, sendo as cotas irreducibles por dito período.

#### **ARTIGO 5. Normas de xestión**

1. Mensualmente, polos servizos encargados da xestión das instalacións acuáticas municipais, elaborárase un padrón municipal de abonados para o cobro mensual das correspondentes cotas tributarias. O impago das mesmas ocasionará a imposibilidade de acceso as instalacións acuáticas. Acumulados tres recibos pendentes de cobro, o abonado causará baixa no Padrón, debendo, no caso de nova solicitude de aboado ás instalacións acuáticas, aboar a cota de entrada correspondente e a débeda que tivera pendente.
2. O resto de servizos, pola súa propia natureza, poderanse xestionar polo sistema de tique ou entradas previas que se soliciten na taquilla correspondente.
3. A non asistencia ás actividades contempladas nesta ordenanza non xerará, á persoa obrigada ao pagamento, dereito de devolución dos prezos abonados, agás que se produza algunha das seguintes situacións:
  - a) Que a actividade, obradoiro, curso ou campamento, tivera alteracións na súa organización, por causas imputábeis á Administración.
  - b) Que a actividade, obradoiro, curso ou campamento non chegara a desenvolverse por causas imputables a esta Administración.

#### **ARTIGO 6. Infraccións e sancións.**

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan, estarase ao disposto nos artigos 183 e seguintes da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria.

#### **DISPOSICIÓN FINAL**

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica <https://sede.arteixo.org/> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)



A presente Ordenanza consta de seis artigos e unha disposición final.

A presente ordenanza foi aprobada polo Concello Pleno en sesión celebrada o día ..... de setembro de 2025. Entrará en vigor unha vez que se publique o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia e transcurra o prazo disposto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa."

**SEGUNDO.-** O presente acordo provisional, así como o texto da modificación da ordenanza, expoñerase ao público no taboleiro de anuncios e na sede electrónica deste Concello durante o prazo de trinta días hábiles, co fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar cantas reclamacións consideren oportunas.

**TERCEIRO.-** A devandita exposición ao público anunciarase no *Boletín Oficial da Provincia de A Coruña* e nun dos diarios de maior difusión desta e comezará a contar o seu prazo a partir do día seguinte a aquel en que teña lugar a última das devanditas publicacións.

**CUARTO.-** As reclamacións presentadas terán que ser resoltas polo Pleno do Concello que acordará, ao mesmo tempo, a aprobación definitiva da Ordenanza. En caso de non se presentar reclamacións, durante o período de exposición pública, entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de novo acordo plenario.

**QUINTO.-** O acordo definitivo, ou o provisional elevado definitivamente a tal categoría, e o texto íntegro da devandita modificación haberá de publicarse no *Boletín Oficial da Provincia de A Coruña*, e entrará en vigor unha vez publicado integramente e transcurra o prazo previsto no artigo 70.2 da lei 7/85, Reguladora das Bases do Réxime Local, en relación co artigo 65.2 do mesmo texto legal.

**SEXTO.-** Contra o acordo de aprobación definitiva da Ordenanza se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ao da publicación do texto íntegro no BOP, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Asinado dixitalmente: Emilio Maceiras López (CONCELLEIRO DE ECONOMÍA E FACENDA)"

Dase conta que obran no expediente os seguintes informes:

- Informe emitido pola Técnica de Rendas e Exaccións, Dña. María José Gestal Corral, en data 08/09/25, con CVD 5Yj4wNJTB0NXfz4MyOFZ, do proxecto de modificación que se propón.



- Informe emitido pola Tesoureira Municipal, Dña. Lucía León Álvarez, en data 8.9.2025, conformado polo Secretario Xeral, D. José María Vázquez Pita na mesma data, con CVD vZBAMFC1mRi/nILvn3P/.

Deseguido, a Alcaldía-Presidencia, da un turno de intervencións.

<<...>>

Non formulándose máis intervencións a Alcaldía-Presidencia, somete o asunto a votación:

Votación:

<<...>>

Á vista do resultado da votación, a Comisión Informativa de Asuntos Económicos, en VOTACIÓN ORDINARIA e por MAIORÍA, ditamina favorablemente propoñer ao Pleno da Corporación a adopción dos acordos transcritos na proposta que se deixa reflectida.”

Deseguido, pola Alcaldía-Presidencia dase un turno de intervencións:

<<...>>

Non formulándose máis intervencións, a Alcaldía-Presidencia somete o asunto a votación.

Votación:

Votos a favor:

- 14 Grupo PARTIDO POPULAR
- 2 Grupo BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
- 1 Grupo NON ADSCRITOS

Abstenciones:

- 4 Grupo PARTIDO SOCIALISTA

Á vista do resultado da votación, o Alcalde-Presidente proclama adoptados, por MAIORÍA, os acordos transcritos no ditame que se deixa reflectido.”

E para que conste, aos efectos oportunos no expediente da súa razón e en cumprimento do disposto no artigo 3.2 f) do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, e nos artigos 204 e 205 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais expido a presente certificación coa salvedade prevista no artigo 206 do texto regulamentario citado e a reserva dos termos que resulten da aprobación da acta correspondente, de orde e co visto e prace do Sr. Alcalde-Accidental, D. José María Sánchez Novo (por delegación decreto nº 2631/2025 do 26/09/2025), que se asina dixitalmente en Arteixo por ambos, á data sinalada no documento electrónico.